

ORDENANZAS FISCAIS ANO 2009

TAXA POR LICENCIAS DE OBRAS

ART. 1º - FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos arts 133.2 e 142 da CE e polo art.106 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, este Concello establece a taxa por licencias urbanísticas a que se refire o art. 20.4.h) da Lei 39/1988, do 20 de decembro, reguladora das Facendas Locais, modificada pola Lei 25/98, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, normas que atenden ó previsto no art. 58 da devandita lei 39/88.

ART. 2º - FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible a actividade municipal, técnica e administrativa realizada para verificar se os actos de edificación e uso do solo e subsolo suxeitos a licenza municipal a que se refire o art. 168 da Lei 1/97, do 24 de marzo, do solo de Galicia, están de acordo coas normas urbanísticas e de edificación previstas na citada Lei do Solo e nas normas urbanísticas do Concello de O Pino.

En particular estarán suxeitos a previa licenza municipal os seguintes actos de edificación e uso do solo:

- A) parcelacións urbanísticas
- B) demolición de construcións
- C) movementos de terra
- D) obras de nova planta
- E) modificación da estrutura ou aspecto exterior das edificacións existentes
- F) a primeira utilización dos edificios e a modificación do uso dos mesmos
- G) colocación de carteis de propaganda visibles dende a vía pública
- H) calesquera outros esixidos pola normativa urbanística

ART. 3º - SUXEITO PASIVO

- 1) Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o art 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou que no seu interese redunden as prestacións ás que se refire a presente ordenanza
- 2) Terán a consideración de substitutos do contribuínte nas taxas establecidas polo outorgamento das licencias urbanísticas ós constructores e contratistas das obras.

ART. 4º - RESPONSABLES

- 1) Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os arts 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
- 2) Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores, ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 da Lei Xeral Tributaria.

ART. 5º - BASE IMPOÑIBLE

- 1) Constitúea:
 - A) custo que fixe o técnico municipal segundo a clase de terreo por m² en materia de parcelacións urbanísticas e o valor asignado a construción no caso de derrubamento de construcións.
 - B) custo real e efectivo da obra civil, de tratarse de movementos de terra, obras de nova planta e modificación de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes.
 - C) custo real e efectivo da vivenda, local ou instalación, de tratarse da primeira utilización dos edificios ou da modificación do uso dos mesmos.
 - D) a superficie dos carteis de propaganda na vía pública

ART. 6 - COTA TRIBUTARIA

Resultará de aplicar á Base Impoñible os seguintes tipos de gravame:

- A) 2,5% do custo real e efectivo da obra civil, de tratarse de movementos de terra, obras de nova planta e modificación de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes.
- B) 1% do custo real e efectivo da vivenda, local ou instalación de tratarse de primeira utilización dos edificios ou a modificación do uso dos mesmos.
- C) 2% do valor asignado ós terreos e construcións nos casos de parcelacións urbanas ou derrubamentos de construcións.
- D) 30,05 EUROS por metro ou fracción de cartel para o suposto do 1.d) do artigo anterior.

ART. 7º - EXENCIONS E BONIFICACIONES

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de Tratados Internacionais.

ART. 8º - RETRIBUCIÓN

A presente taxa retribúese cando se inicie a prestación do servizo urbanístico coa incoación do oportuno expediente, a solicitude do interesado ou de oficio pola Administración Local.

ART. 9º - XESTIÓN

- 1) Cando se conceda a licencia preceptiva practicarase unha liquidación provisoria, determinándose a base imponible en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que o mesmo veña visado polo Colexio Oficial correspondente; noutro caso a base imponible será determinada polos técnicos municipais de acordo co custo estimado do proxecto.
- 2) A vista das construcións, instalacións e obras efectivamente realizadas e do custo real efectivo das mesmas, o Concello mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base imponible a que se refire o apartado anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso a cantidade que corresponda.

ART. 10º - INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Para o tocante á infraccións e sancións, rexerá o disposto no art. 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no BOP e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro do 2001 rexendo ata a súa modificación ou derogación O texto da mesma foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 7 de novembro do dous mil.